

PROXECTO DE ORDENANZA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE MERCADOS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os mercados municipais forman parte dos servizos públicos municipais recollidos no artigo 25.i) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, entendendo que os mercados constitúen un servizo que contribúe a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Na actualidade, ninguén dubida da importancia dos mercados como forza modeladora das cidades europeas desde a Idade Media que foi mudando a súa morfoloxía nos distintos momentos histórico para adaptala ás novas necesidades e cambios nos hábitos de consumo. Así, das feiras medievais periódicas, pasouse aos mercados estables. No século XIX apareceron xa os grandes almacéns, e no século XX, os autoservizos, os supermercados ou os centros comerciais que na nosa cidade cobraron un protagonismo seguramente excesivo.

Pasada a primeira fase de construción dos novos mercados metálicos decimonónicos e algunhas propostas das primeiras décadas do século XX, pronto os mercados foron asociados a un formato do pasado que, tarde ou cedo, habería desaparecer. Con todo, a experiencia demostrou a alta capacidade de supervivencia dos mercados de abastos fronte aos rápidos ciclos de auxe e obsolescencia dos novos formatos comerciais.

No presente, entendemos a necesidade de integrar o sector dos mercados como peza esencial na estratexia de ordenación urbanística e, en concreto, como unha peza esencial para a revitalización dos centros urbanos e dos barrios, tanto desde o punto de vista comercial, como do social. Os mercados municipais son considerados, cada vez máis, como elementos enriquecedores que combinan o vínculo co pasado, os novos hábitos e as novas formas da multiculturalidade urbana. Perfílanse así como elementos relevantes nun momento de xiro cultural no urbanismo. Un urbanismo que se distingue por estar menos atento á disposición de asentamentos máis ou menos permanentes, configuracións estables ou cristalizacións definitivas, e máis interesado en atraer o cidadán adaptándose aos novos modos de consumo, sen perder a súa esencia de provisión de alimentos.

Neste marco móstrase a importancia dos mercados comerciais polo miúdo como institucións de intercambio social, calidade comercial e espazos de integración interxeneracional, sendo estes centros eixes vivos de vertebración social e peza fundamental que reflicte o modelo de desenvolvemento urbano.

A vixencia dunha normativa obsoleta baseada no Dereito privado, a existencia de postos baleiros e a inactividade administrativa na convocatoria de novas licitacións, fai imprescindible ordear o presente e o futuro dos mercados da cidade desde unha perspectiva realista que favoreza a coexistencia da historia, a tradición, os novos hábitos de consumo e a cultura que destila cada mercado, coa oferta complementaria de produtos e servizos que multipliquen a presenza cidadá e produzan sinerxías con cada un deles e coa súa área de influencia comercial.

De aí a importancia da aprobación dunha regulación adecuada dirixida a favorecer a continuidade e crecemento destes espazos singulares, que deberán converterse en lugares de encontro e de consumo, como referentes dunha parte da historia dos nosos barrios.

É obxecto, por tanto, desta Ordenanza, reactivar os mercados dunha forma adecuada e coherente, preservando a actividade dos actuais usuarios das concesións, favorecendo a mellor calidade dos servizos que prestan, xerando emprego e apoiando iniciativas emprendedoras que poñan en valor a marca dos mercados e, polo tanto, a da propia cidade; así como converter os representantes dos mercados municipais, a través da creación da Comisión Social, nunha peza clave de participación e corresponsabilidade na toma de decisións que directamente os atinxen.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

1.- Esta Ordenanza ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico do servizo público dos mercados municipais na cidade da Coruña xestionados directamente polo Concello da Coruña.

2.- Considéranse mercados municipais aos efectos desta Ordenanza os centros de abastecemento establecidos polo Concello destinados preferentemente á venda polo miúdo de artigos principalmente destinados ao consumo alimentario.

O desenvolvemento doutras actividades e usos nos mercados requirirá da declaración de conformidade municipal, oídas as asociacións do mercado e previa verificación de que se trata de actividades ou usos de interese xeral compatibles coa súa afectación principal.

3.- Quedan excluídos desta Ordenanza os postos temporais de venda, en calquera das súas modalidades, así como a venda ambulante, que se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 2.- Réxime xurídico

1.- O establecemento, organización, modificación e supresión dos mercados municipais corresponde á Xunta de Goberno Local, que actuará segundo o disposto nesta Ordenanza. No que non se dispoña nesta, aplicarase a lexislación vixente en materia de réxime local, de patrimonio das Administracións Públicas e dos contratos do sector público no que resulten de aplicación.

2.- Os mercados xestionaranse directamente polo Concello.

Excepcionalmente, nos casos en que a xestión do mercado veña precedida da realización da obra de construción do edificio ou de obras requiridas para a posta en funcionamento dun novo mercado, poderá explotarse o mercado a través dun contrato

de concesión de obra pública conforme ao réxime establecido na lexislación de contratos do sector público.

3.- Os edificios destinados a mercado municipal son bens de dominio público afectos a un servizo público e, como tales, teñen o carácter de inalienables, imprescritibles e inembargables.

4.- Cada mercado municipal contará cun Regulamento de Réxime Interno propio, elaborado de conformidade ao disposto nesta Ordenanza.

5.- O Concello asume a responsabilidade do goberno e administración do mercado, correspondéndolle levar a cabo as actuacións que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento do servizo público e o adecuado funcionamento, mantemento e conservación dos mercados municipais.

A Concellería competente en materia de mercados impulsará accións orientadas á dinamización dos mercados, a través de planes e programas de modernización, innovación e emprego.

TITULO II.- ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO, ADMINISTRACIÓN E INSPECCIÓN DOS MERCADOS MUNICIPAIS

CAPITULO I.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS MERCADOS

Artigo 3.- Áreas e actividades dos mercados municipais

1.- Os mercados municipais poderán contar coas seguintes áreas:

a. Área de servizo público de mercado: Estará destinada a actividades de mercado, consistentes no comercio polo miúdo de artigos de consumo alimentario, para asegurar o abastecemento da poboación. Os espazos destinados a esta actividades identificaranse como “postos”, e distribuiranse por cores identificativos dos distintos sectores, de conformidade co Manual de Identidade Corporativa previsto nesta Ordenanza.

b. Área de servizos complementarios: Estará destinada a actividades complementarias, compatibles coas anteriores e vinculadas tradicionalmente aos mercados tales como afiadores, zapateiros, arranxos de roupa, produtos artesáns e similares. Os espazos destinados a estas actividades identificaranse como “establecementos” e localizaranse preferentemente no exterior da edificación.

c. Área de servizos auxiliares: Estará destinada a actividades auxiliares ao mercado, consistentes na prestación de servizos de apoio ao mercado, tales como servizos de envío a domicilio, de almacenaxe, consignas, cámaras frigoríficas e similares. Os espazos destinados a estas actividades identificaranse como “instalacións comúns”.

d. Área de administración e xestión do mercado: Estará destinada a actividades de administración e xestión do mercado, no que se incluírán os servizos administrativos,

de información, de reclamacións, o control de pesos e medidas e conserxería. Os espazos destinados a este tipo de actividades identificaranse como “oficinas”.

2.- Cando existan razón de interese público debidamente xustificadas ou cando así se prevea nun plan ou programa municipal, os mercados poderán acoller actividades de interese cultural, educativo, sanitario, de fomento do emprego e da inclusión social de colectivos desfavorecidos ou en situación ou risco de exclusión social. Os espazos destinados a estes usos rexeranse polo disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais e estarán suxeitos ao pago da correspondente taxa.

3.- Así mesmo, nos espazos que non estean adscritos a ningunha das actividades recollidas nos apartados anteriores, poderán autorizarse usos distintos aos recollidos nesta Ordenanza, sempre que favorezan a dinamización da actividade dos mercados, sexan compatibles coa natureza dos espazos e non afecten ao normal funcionamento do mercado nin á seguridade de persoas ou bens.

Artigo 4.- Os postos e os seus titulares

1.- Os postos do mercado son as instalacións e/ou dependencias, situadas nas Áreas de servizo público de mercado, destinadas a actividades de comercio polo miúdo de artigos de consumo alimentario.

2.- A explotación dos postos constitúe un uso privativo de bens de dominio público, suxeita a concesión administrativa.

3.- Un mesmo/a concesionario/a pode ser titular dun máximo de dous postos en mercados diferentes. Poderase conceder un segundo posto no mesmo mercado cando queden prazas vacantes no mesmo, logo de celebrado un concurso ou subasta.

4.- A condición de concesionario é persoal, sen prexuízo da posible transmisión da concesión segundo as regras establecidas no título V da presente Ordenanza.

5.- Corresponde ao Concello determinar as especialidades de venda nos postos de cada mercado municipal, así como a súa eventual modificación, previa audiencia á Asociación do mercado ou, onde esta non exista, aos/ás concesionarios/as.

6.- O Concello poderá reservar postos no mercado para favorecer o emprego de persoas con discapacidade, colectivos desfavorecidos, e persoas en situación ou risco de exclusión social.

7.- A Xunta de Goberno Local fixará os criterios estéticos e o deseño dos postos co fin de manter unha uniformidade ou imaxe comercial, que deberán figurar no Manual de Identidade Corporativa ao que se refire o artigo 7 desta Ordenanza.

Así mesmo, estableceranse criterios referidos ás dimensións máximas e mínimas dos postos, atendendo ás singularidades dos mercados, que figurarán no Regulamento de Réxime Interior ao que se refire o artigo 6 desta Ordenanza.

Artigo 5 .- Os establecementos

1.- Os establecementos son as instalación e/ou dependencias, situadas nas Áreas de servizos complementarios, destinadas a actividades vinculadas tradicionalmente aos mercados.

2.- Seralles de aplicación o réxime establecido nesta Ordenanza para os postos, salvo que, polas peculiaridades do mercado, requiran dun réxime especial, que se recollerá no seu Regulamento de Réxime Interior.

Artigo 6.- Regulamento de Réxime Interior

1.- Cada mercado municipal disporá dun Regulamento de Réxime Interior de obrigado cumprimento, no que se recollerán as condicións internas de funcionamento e o desenvolvemento das disposicións contidas nesta Ordenanza cando resulte necesario polas singularidades do mercado.

2.- A aprobación dos Regulamentos de Réxime Interior corresponde á Xunta de Goberno Local, a proposta da concellería delegada competente en materia de mercados.

3.- Os traballos preparatorios do Regulamento levaranse a cabo por unha Comisión na que se integrarán os técnicos municipais e os representantes de cada unha das asociacións do mercado correspondente. En caso de non existir esta última, os concesionarios/as deberán de nomear un representante para integrarse na Comisión.

Artigo 7- Manual de Identidade Corporativa

Os mercados municipais disporán dun Manual de Identidade Corporativa aprobado pola Xunta de Goberno Local, oídas as asociacións interesadas e/ou representantes dos concesionarios, que deberá incorporarse como anexo ao Regulamento de Réxime Interior. No Manual recolleranse as condicións xerais de deseño, imaxe, calidades e dimensións dos locais.

Artigo 8.- Horarios dos mercados

1.- O mercado permanecerá aberto ao público os días e horas que estableza a persoa titular da Concellería competente en materia de mercados, oídas as asociacións interesadas e/ou representantes dos concesionarios.

2.- O horario de venda ao público estará establecido no Regulamento de Réxime Interno de cada mercado. En defecto de previsión expresa no mesmo, o horario habitual será de 6 días á semana, de 9 a 15 horas como mínimo, sempre que a actividade do posto o permita.

O horario pode ser ampliado ata as 19:30 horas, pola persoa titular da Concellería competente en materia de mercados, e logo de oír ás asociacións interesadas e/ou representantes dos concesionarios.

En períodos de especial afluencia de xente ou cando outras circunstancias extraordinarias o xustifiquen, poderanse establecer horarios distintos dos anteriores,

sempre que medie acordo entre a persoa titular da Concellería competente en materia de mercados e os concesionarios/as afectados.

A solicitude de apertura extraordinaria requirirá da sinatura de polo menos un 40% dos titulares dos postos.

3.- Os postos e establecementos do mercado deberán permanecer abertos e debidamente abastecidos e atendidos durante o horario comercial do mercado, sendo responsabilidade exclusiva do/a concesionario/a o cumprimento das devanditas condicións de utilización.

4.- Os concesionarios/as poderán ter o posto ou establecemento pechado durante un máximo de 30 días naturais de vacacións. O período ou períodos en que gocen das vacacións deberán ser previamente comunicados á concellería competente en materia de mercados.

Noutros casos, o/a concesionario/a deberá xustificar ante a concellería competente en materia de mercados o motivo do peche por algunha das seguintes circunstancias:

- a) Falecemento de familiar ata segundo grao de consanguinidade ou acompañamento do mesmo por causa de intervención quirúrxica: ata máximo de 15 días naturais
- b) Asuntos persoais: ata máximo de 5 días naturais
- c) Baixa por enfermidade: os/as concesionarios/as deberán acreditar a mesma ante a concellería competente en materia de mercados.

Durante o tempo de baixa e a solicitude do/a concesionario/a, o persoa titular da concellería competente en materia de mercados poderá autorizar a explotación do posto por persoa distinta do titular, quen deberá reunir as condicións para levar a cabo dita explotación. O/a cesionario/a farase cargo de todos os gastos da cesión, así como da limpeza e conservación do posto. Finalizada a cesión, o/a cesionario/a devolverá o posto nas condicións en que o recibiu, coa conformidade do/a concesionario/a cedente.

Artigo 9.- Limpeza, carga e descarga e xestión de residuos urbanos do mercado municipal

1.- A limpeza dos espazos comúns da Área de servizo público de mercado, así como das Áreas de servizos auxiliares e de administración e xestión será asumida polo Concello.

2.- A limpeza dos postos e establecementos estará a cargo dos/as concesionarios/as e deberá levarse a cabo diariamente despois do horario sinalado para o peche do mercado.

3.- No Regulamento de Réxime Interior dos mercados establecerase o horario de carga e descarga, adaptado ás singularidades da actividade do propio mercado.

4.- Cada concesionario/a será responsable da recollida e depósito dos desperdicios e residuos ocasionados pola súa actividade no horario e na forma que se recolla no Regulamento de Réxime Interior.

Artigo 10.- Taboleiro de anuncios

En todos os mercados municipais existirá, á vista do público, un Taboleiro de Anuncios ou outro medio ou soporte de información.

CAPITULO II.- ADMINISTRACIÓN DOS MERCADOS

Artigo 11.- Órgano competente

Corresponden á Alcaldía e, por delegación, á concellería competente en materia de mercados, as facultades do Concello nos mercados municipais a que se refire o presente capítulo.

Artigo 12.- Persoal ao servizo dos mercados municipais

Baixo a dirección da xefatura de servizo intégrase o persoal dos mercados municipais, do que formará parte o persoal administrativo e os conserxes asignados os mesmos.

Artigo 13.- Persoal de conserxería dos mercados municipais

1.- En cada un dos mercados municipais nomearase polo menos un/unha empregado/a público que exercerá as funcións de conserxe.

2.- Serán competencias dos/das conserxes municipais:

a. A vixilancia do estrito cumprimento dentro do mercado das disposicións contidas na presente Ordenanza e do Regulamento de Réxime Interior do mesmo, así como dos acordos ou resolucións municipais que adopte a autoridade municipal competente, dando conta ao servizo administrativo dos incumprimentos que detecte.

b. A apertura e peche dos mercados municipais, así como a vixilancia da conservación e limpeza do edificio e as súas dependencias, dando conta ao servizo administrativo de cantas deficiencias ou incidencias observe.

c. A comprobación da existencia e bo funcionamento dos materiais necesarios nas instalacións comúns da Área de servizos auxiliares e nas oficinas da Área de Administración e xestión do mercado.

d. Informar ao público e aos/ás concesionarios/as das actividades ou normas municipais que afecten ao servizo de mercados, así como do acceso á páxina web e aos servizos de atención ás persoas consumidoras.

e. Recabar as queixas e reclamacións do público e dos/das concesionarios/as, dando traslado inmediato das mesmas ao servizo de mercados. A ditos efectos, nas conserxerías dos mercados existirán follas de reclamación a dispor das persoas usuarias.

- f. Pedir información das obras que se produzan nos postos, dando conta ao servizo de mercados de calquera incidencia que se produza.
- g. Facilitar o labor do persol inspector e do persoal dos servizos de limpeza e vixilancia.
- h. Dar conta ao servizo de mercados das deficiencias ou malas prácticas observadas, de ser o caso.
- i. Calquera outra competencia que se lle encomende e se corresponda coa súa categoría laboral.

Artigo 14.- Vixilancia dos mercados municipais

- 1.- A vixilancia dos mercados corresponderá á policía municipal.
- 2.- As Asociacións de vendedores/as poderán contratar, previa autorización municipal, un servizo de vixilancia privada, que quedará sometida ás instrucións emanadas desde a concellería competente en materia de mercados.

CAPITULO III.- INSPECCION DOS MERCADOS

Artigo 15.- Inspección hixiénico-sanitaria

- 1.- A inspección e exame dos alimentos que se expenden nos mercados, corresponde aos servizos dependentes da Xunta de Galicia, de conformidade coa súa normativa.
- 2.- Os/as titulares dos postos estarán obrigados a exhibir ao persoal que exerza funcións de inspección hixiénico-sanitaria os artigos que comercien ou almacenen para a venda, estean á vista ou depositados no mobiliario ou instalacións dos postos.

Artigo 16.- Actividade inspectora municipal

- 1.- O cumprimento desta Ordenanza queda suxeito á acción inspectora do Concello, que se poderá desenvolver en calquera momento.
- 2.- O persoal que exerza labores de inspección poderá acceder á totalidade das instalacións do mercado e poderá solicitar a información e documentación que resulte necesaria para a realización das súas tarefas.
- 3.- As visitas de inspección formalizaranse na correspondente acta, da que se entregará copia á persoa interesada. As actas realizadas polos/as funcionarios/as que exerzan as funcións de inspección do cumprimento do estipulado nesta Ordenanza gozarán de presunción de certeza e acerto.
- 4.- Se con motivo da actividade inspectora se detectase a comisión dalgunha infracción, poñeranse os feitos en coñecemento do órgano competente para a iniciación do correspondente procedemento sancionador.
- 5.- Cunha periodicidade mínima bianual, o Concello realizará unha inspección integral do funcionamento de cada mercado, cuxos resultados se reflectirán nun informe que

será presentado á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e adopción das medidas que resulten oportunas.

TITULO III.- DEREITOS E OBRIGAS DOS/DAS CONCESIONARIOS/AS

CAPITULO I.- DEREITOS

Artigo 17.- Dereito á utilización privativa do posto

O/a concesionario/a ten dereito á utilización privativa do posto coas condicións e polo tempo que se estableza no título concesional, de acordo co disposto na presente Ordenanza.

Artigo 18.- Dereito ao uso das instalacións comúns

Os/as concesionarios/as gozarán do dereito para utilizar os servizos das Áreas de servizos auxiliares e de administración e xestión que sexan necesarios para o desenvolvemento da súa actividade, nos termos e condicións que estableza o Regulamento de Réxime Interior do Mercado e segundo as instrucións que dite o órgano competente para a Administración do Mercado.

Artigo 19.- Dereito a constituír Asociacións e/ou Federacións

1.- Os/as concesionarios/as poderán integrarse en Asociacións encargadas da defensa dos seus dereitos e intereses, asumindo a súa representación nas súas relacións co Concello. Así mesmo poderá constituírse unha federación de mercados que agrupe a varias ou todas as Asociacións para lograr un fin común.

2.- As asociacións poderán solicitar, informar ou suxerir cantas actuacións se consideren axeitadas para a boa marcha do mercado e canalizar as queixas dos concesionarios, debendo ser consideradas como interlocutores destes ante o Concello e/ou outras Administracións ou entidades que así o requiran.

3.- As asociacións poderán levar a cabo, previa autorización do Concello, cantas actividades consideren oportunas encamiñadas á promoción do mercado e os seus produtos, así como á dinamización comercial e cultural.

Artigo 20.- Dereitos publicitarios

1.- Os/as concesionarios/as poderán realizar campañas publicitarias, con carácter individual ou colectivo, en calquera tipo de soporte, sempre que non afecten á limpeza e á boa imaxe do mercado. A realización das campañas estará suxeita a autorización previa.

2.- Na publicidade deberá figurar necesariamente o nome e o logotipo do mercado municipal.

CAPITULO II.- OBRIGAS

Artigo 21.- Obrigas xerais

Serán obrigas dos/as concesionarios/as as establecidas na presente Ordenanza así como na lexislación fiscal, laboral, sanitaria, comercial e calquera outra que resulte de aplicación. Nomeadamente, os/as concesionarios/as deberán:

- a. Dispoñer do título acreditativo do seu dereito de uso do posto e exhibilo a requirimento do persoal do mercado, do persoal que exerza labores de inspección ou da autoridade que o solicite.
- b. Respetar e cumprir o Regulamento de Réxime Interior do mercado, así como as ordes e requirimentos que dite o órgano competente para a Administración do mercado.
- c. Facilitar as labores de inspección que se leven a cabo polo persoal competente.

Artigo 22.- Obrigas hixiénico-sanitarias

- 1.- No desenvolvemento da actividade do mercado serán de íntegra aplicación todas as prescricións xerais ou específicas relativas á normativa técnico-sanitaria que afecte ao mesmo en función da actividade que exerza.
- 2.- Os postos e o persoal que traballe no mesmo deben manterse en adecuadas condicións de aseo, orde e limpeza.
- 3.- Está prohibida a tenencia de animais domésticos nos postos.

Artigo 23.- Condicións para a manipulación de alimentos

As persoas que traballen nos postos dos mercados terán a obrigaón de posuír as autorizacións sanitarias que sexan esixibles para o tipo de artigos que comercialicen e o certificado acreditativo da formación adecuada para a manipulación de alimentos cando sexa esixible.

Artigo 24.- Obrigas da actividade comercial

Os/as concesionarios/as dos postos asumirán as seguintes obrigas:

- a. Abrir e pechar o posto puntualmente, segundo o horario establecido.
- b. Exeracer a actividade comercial exclusivamente dentro dos postos, non podendo situar vultos nin mercadorías nos corredores utilizados polo público nin nos corredores interiores.
- c. Conservar as facturas ou albaráns de compra dos produtos a efectos da súa comprobación e inspección.
- d. Facilitar tiquet ou factura aos compradores ou consumidores.
- e. Indicar de maneira clara nos produtos expostos para a venda o seu prezo de venda e/ou por unidade de medida, incluído o IVE e demais impostos.
- f. Ter á vista a orixe dos artigos que estean á venda.

g. Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada, debendo usar obrigatoriamente o vestiario que se estableza no Regulamento de Réxime Interior do mercado.

h. Atender ao quen compra coa debida amabilidade e deferencia.

i. Ter a disposición das persoas consumidoras follas de reclamación conforme á lexislación vixente na materia.

j. Cumprir cantas obrigas se deriven da normativa en materia de mercados e consumo.

Artigo 25.- Xestión e atención dos postos

1.- O/a concesionario/a deberá xestionar o posto, sen prexuízo da posibilidade de contratar persoal traballador por conta allea, sempre que se comunique esta circunstancia ao Concello.

Queda prohibida calquera cesión de uso por prezo ou negocio asimilado ao arrendamento do posto, total ou parcialmente.

2.- Todas as persoas que atendan ou traballen nun posto deberán estar dadas de alta no réxime xurídico da Seguridade Social que corresponda á súa situación laboral.

3.- O/a concesionario/a deberá comunicar ao Concello a identidade das persoas que atendan ou traballen no posto, así como as altas e baixas correspondentes ás mesmas cando se produzan.

Artigo 26.- Obrigas en relación coas obras

1.- Os/as concesionarios/as dos postos efectuarán ao seu cargo as obras que sexan necesarias para o normal desenvolvemento da actividade e para a conservación dos postos, axustándose aos modelos establecidos ou que poidan establecerse polo Concello e, de ser o caso, previa autorización municipal.

2.- Todas as obras fixas e melloras permanentes que se realicen nos postos revirtirán ao Concello, sen dereito a indemnización algunha, ao finalizar a concesión, salvo que o Concello dispoña a súa retirada con cargo ao/a concesionario/a.

3.- A solicitude para a realización de obras e/ou modificación de instalacións presentarse por escrito no Rexistro Xeral do Concello indicando os pormenores da mesma, sen prexuízo da necesidade de obter a preceptiva licenza de obra.

4.- Cando as obras dun posto afecten de forma directa á zonas comúns, deberase especificar na solicitude, baixo o compromiso de reposición en condicións adecuadas dos elementos afectados. A incidencia nestas zonas deberá ser a mínima e indispensable para levar a cabo as obras e obrigará ao/a concesionario/a á limpeza e sinalización das mesmas. En todo caso, poderase impoñer a paralización temporal das obras ou a suspensión por franxas horarias determinadas en prol do bo funcionamento do mercado.

5.- Os/as concesionarios/as deberán consentir a execución das obras de interese común ou necesarias para o funcionamento do servizo que acorde realizar o Concello, sen dereito a reclamación ou indemnización algunha.

6.- As obras realizaranse preferentemente fora do horario comercial do mercado, salvo que resulte imposible por razón de prazos ou do tipo de intervencións a realizar. Garantírase, en calquera caso, a produción dos menores trastornos posibles aos usuarios do mercado.

Artigo 27.- Obrigas económicas

Serán obrigas económicas dos concesionarios as seguintes:

a. Satisfacer o canon establecido pola utilización privativa do dominio público, así como as taxas que se fixen na correspondente Ordenanza Fiscal pola prestación de servizos nos mercados municipais.

b. Satisfacer as cotas de alta da enerxía eléctrica, teléfono, auga e demais servizos, e de todos os gastos de consumo das subministracións indicadas, así como calquera outras obrigas económicas imputables ao usuario por razón da titularidade da concesión e para o seu bo funcionamento.

TÍTULO IV. OUTORGAMENTO DAS CONCESIÓN

Artigo 28.- Concesións de dominio público e outros títulos

1.- A explotación dos postos dos mercados municipais constitúe un uso privativo de bens de dominio público suxeito a previa concesión demanial consonte ao disposto nesta Ordenanza e, non que non estea previsto nela, polo Regulamento de Bens das Entidades Locais.

2.- Para o desenvolvemento da súa actividade, os/as concesionarios/as deberán dispor das licencias, permisos ou autorizacións que sexan esixibles ou, no seu caso, deberán presentar as declaración responsables ou realizar as comunicación previas que sexan necesarias segundo a lexislación en vigor.

3.- As concesións outorgaranse para a venda polo miúdo de artigos destinados principalmente ao consumo alimentario.

O Concello poderá autorizar cambios de actividade para promover novas actividades que estean deficitariamente representadas no mercado, cando exista demanda polos usuarios e a nova actividade resulte compatible coas do seu entorno. A autorización requirirá da presentación polo interesado dun estudo de mercado e outorgarase previa audiencia das asociacións do mercado.

Artigo 29.- Concesionarios/as

1.- Poderán ser concesionario/as as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas nalgunha

das prohibicións de contratar establecidas nas normas aplicables á contratación no sector público.

2.- Os/as concesionarios/as deberán reunir os requisitos esixidos na presente Ordenanza e todos os que, segundo a normativa da actividade comercial ou de servizos, lles fosen de aplicación.

Artigo 30.- Duración das concesións

1.- O prazo de duración das concesións será fixado no título correspondente, segundo o previsto no Prego de condicións polo que se concedeu, co límite máximo de trinta e cinco anos improrrogables.

2.- O prazo indicado comezará a contarse desde a data en que se formalice o documento concesional ou, no seu caso, no que expresamente se dispoña no mesmo, de ser posterior.

3.- Os/as concesionarios/as deberán iniciar a actividade no prazo máximo de dez días a partir do día seguinte á formalización da concesión, salvo que, por causas xustificadas, se estableza no propio documento de formalización un prazo distinto.

Artigo 31.- Procedemento de outorgamento das concesións

1.- Dado o carácter limitado dos postos vacantes, a provisión dos realizarase preferentemente mediante concurso.

2.- Os pregos de condicións determinarán, en cada convocatoria, as cuestión referidas ao procedemento de outorgamento da concesión, tales como os requisitos e condicións das solicitudes, os prazos de presentación, requisitos, baremos, prazo de resolución, canon esixible, entre outros.

3.- Os pregos de condicións recollerán os criterios de adjudicación. En todo caso, o Concello fixará un prezo inicial de licitación, sobre o que os/as interesados/as realizarán a súa oferta económica, que terá a consideración de prezo de adjudicación. O prezo da concesión será o que resulte da suma da cantidade ofertada e dos cánons mensuais que corresponda pagar ao/a concesionario/a durante o tempo que dure a concesión, fixados consonte á correspondente Ordenanza municipal.

4.- A Xunta de Goberno Local poderá aprobar pregos tipo para a cobertura das vacantes que se produzan nos diferentes mercados, que deberán incluír cláusulas dirixidas á contratación responsable, innovadora, ambiental ou social.

5.- Cando o outorgamento das concesións proveña da extinción de títulos preexistentes por vencimento do prazo concesional, o procedemento de outorgamento das novas concesións deberá iniciarse cunha antelación de seis meses á data de extinción dos títulos preexistentes, a efectos de que os postos estean adjudicados e en condicións de ser ocupados sen interrupción do servizo de mercado.

Nos restantes supostos, o procedemento de outorgamento das concesións deberá iniciarse nun prazo máximo de seis meses desde que o posto quede vacante.

TÍTULO V.- TRANSMISIÓN DAS CONCESIÓNS

Artigo 32.- Consideracións xerais

1.- A concesión poderá transmitirse por actos “inter vivos” ou “mortis causa”, previa autorización municipal, con suxeición ao disposto nos artigos seguintes.

2.- O novo/a concesionario/a deberá reunir os mesmos requisitos previstos para o/a concesionario/a orixinal e subrogarse en todos os dereitos e obrigas do/a anterior, tendo dereito ao uso privativo do posto polo tempo que reste da concesión.

Artigo 33.- Transmisión “inter vivos”

1.- Os/as concesionarios/as poderán solicitar á persoa titular da Concellería competente en materia de mercados a autorización para transmitir a concesión por actos “inter vivos”.

2.- Para que proceda a transmisión deberán concorrer os seguintes requisitos:

- a) O/a transmitente deberá ter disfrutado da concesión polo menos 5 anos.
- b) O/a transmitente deberá atoparse ao corrente do pago das súas obrigacións económicas co Concello.
- c) O/a novo/a titular debe reunir os requisitos esixidos ao/á transmitente no procedemento de outorgamento da concesión.

3.- A transmisión realizarase conforme ao seguinte procedemento:

- a) O/a concesionario/a solicitará autorización de transmisión, na que se fará constar o posto, a cantidade que no seu día pagou en concepto de prezo de adxudicación e os anos que restan de prazo concesional.
- b) O Concello publicará a solicitude no taboleiro de anuncios do mercado, abrindo un prazo de quince días para que as persoas interesadas podan solicitar o posto.

O importe inicial calcularase segundo a seguinte fórmula:

(prezo inicial de adxudicación/anos totais da concesión) * anos restantes de concesión

c) Recibidas as solicitudes, celebrarase unha poxa entre as persoas que teñan solicitado o posto. Celebrada a poxa, e comprobado polo Concello que o/a novo/a concesionario/a reúne as condicións requiridas, autorizarase a transmisión, formalizándose a nova concesión consonte ao disposto nesta Ordenanza, polo prazo que reste para o vencemento da concesión e para a mesma actividade que tiña asignada o/a anterior concesionario/a, salvo que o Concello autorice expresamente melloras nas condicións de explotación, que non poderán afectar, en ningún caso, ao prazo de disfrute.

O/a concesionario/a colindante terá dereito de tanteo se participou na licitación e iguala a proposta económica que resulte gañadora. De resultar adxudicatario/a, os espazos correspondentes ás concesións colindantes entenderanse fusionados e referidos a unha única concesión, coas adecuacións respecto do canon concesional e co prazo de duración que corresponda ao do título de maior duración. O posto resultante non poderá ser ampliado en posteriores transmisións.

4.- Do prezo resultante da transmisión, o/a concesionario/a terá dereito a recibir a parte non amortizada do prezo inicial de adxudicación, quedando a diferenza ingresada nas arcas municipais.

5.- En todo caso, en calquera momento antes da autorización, o Concello poderá exercer o rescate da concesión pagando ao/a concesionario/a o importe inicial establecido para a transmisión.

6.- Non estará suxeita a transmisión a cesión do posto en favor de familiares ata segundo grao de consanguinidade cando o/a concesionario/a non poda seguir explotando a concesión por incapacidade permanente ou xubilación. Nestes casos, a cesión debe ser autorizada pola persoa titular da concellería competente en materia de mercados, que o fará en favor do/a cesionario/a proposto polo/a concesionario/a polo resto de prazo que reste ata o remate da concesión.

Aplicarase o disposto no parágrafo anterior á cesión en favor dunha persoa traballadora contratada polo/a concesionario/a cunha antigüidade mínima de cinco anos.

Artigo 34.- Transmisión en caso de disolución de persoas xurídicas

Sendo titular do posto unha persoa xurídica, se esta se disolve se quedará extinguida a concesión, salvo que se transmita a un dos seus socios, previa autorización que deberá ser solicitada con anterioridade á disolución.

Artigo 35.- Transmisión “mortis causa”

1.- En caso de falecemento do titular da concesión, esta transmitirase a favor de quen teña a condición legal de herdeiro/a ou legatario/a daquel.

2.- A transmisión deberá formalizarse no prazo máximo de tres meses a contar desde o falecemento do titular. Os/as herdeiros/as ou legatarios/as deberán solicitar a autorización da transmisión á persoa titular da concellería competente en materia de mercados achegando cantos documentos conveñan ao seu interese e resolvendo o Concello en atención aos documentos presentados.

Transcorrido o prazo establecido no apartado anterior sen que se presente a solicitude indicada, a concesión declararase extinguida, sen que haxa lugar a indemnización.

3.- Se a transmisión se realizase a favor de varias persoas “pro indiviso”, estas deberán determinar e comunicar á concellería competente en materia de mercados a quen de entre elas corresponde a concesión, ou, no seu caso, os datos da persoa xurídica que se constituía para o efecto.

De non proceder a esa comunicación no prazo de tres meses, declararase extinguida a concesión, sen que haxa lugar a indemnización.

TÍTULO VI.- EXTINCIÓN DAS CONCESIÓN

Artigo 36.- Causas de extinción das concesións e os seus efectos

1.- Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta Ordenanza, as concesións extínguense polas seguintes causas:

- a. Transcurso do prazo de vixencia da concesión.
- b. Renuncia do/a concesionario/a manifestada por escrito.
- c. Morte do/a concesionario/a, salvo o previsto na presente Ordenanza para os supostos de transmisión “mortis causa”.
- d. Disolución da persoa xurídica, salvo o previsto nesta Ordenanza para a transmisión en caso de disolución.
- e. Perda dalgún dos requisitos esixidos nesta Ordenanza, no prego de condicións e na normativa aplicable para optar á adxudicación da concesión, previa resolución da persoa titular da concellería competente en materia de mercados.
- f. Mutuo acordo.
- g. Causa sobrevida de interese público que esixa o rescate da concesión, previa indemnización ao/a concesionario/a.
- h. Impago de máis de tres mensualidades, ou cantidade equivalente, do canon, ou impago de tres cotas, non necesariamente consecutivas, das taxas ou dos gastos comúns que corresponda satisfacer ao/a concesionario/a.
- i. Calquera outra causa das establecidas na normativa aplicable a estas concesións.

2.- Extinguida a concesión, o posto quedará vacante. Quen foi concesionario quedará obrigado a deixalo libre, retirando os seus xéneros e aveños e as instalacións desmontables, aos efectos de que sexa ocupado polo novo concesionario conforme ao disposto no artigo 31 desta Ordenanza.

TÍTULO VII.- INFRACCIÓN

Artigo 37.- Suxeitos responsables

1.- Serán suxeitos responsables os/as concesionarios/as dos postos, sexan persoas físicas ou xurídicas, que infrinxan o disposto nesta Ordenanza.

Dita responsabilidade esixirase a aqueles respecto das infraccións orixinadas pola súa propia conduta ou a dos seus empregados/as ou dependentes.

2.- Cando a responsabilidade pola comisión de infraccións sexa atribuíble a varios suxeitos, responderán estes de forma solidaria.

Artigo 38.- Infraccións

1.- Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza.

2.- As infraccións tipificadas nesta Ordenanza serán perseguidas con independencia das que puidesen concorrer nos suxeitos responsables en relación con calquera outra normativa sectorial que lles fora de aplicación, así como das responsabilidades civís ou penais que puidesen corresponderlles.

3.- Cando da comisión dunha infracción tipificada nesta Ordenanza derive necesariamente a comisión doutra ou outras, imponse unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.

Artigo 39.- Clasificación das infraccións

1.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2.- Considéranse infraccións leves:

a. As actitudes incorrectas co resto de comerciantes, co público, co persoal encargado do mercado ou con calquera persoa empregada ou autoridade municipal, cando non produza alteración da orde.

b. A vertedura de residuos ou desperdicios do posto fóra do lugares establecidos.

c. A inobservancia non reiterada das instrucións dimanantes do persoal encargado do mercado, do persoal que exerza a actividade de inspección ou doutros órganos ou servizos municipais.

d. A introdución nos postos de elementos de estética non adecuada ou disonante coas condicións estéticas do mercado, segundo o seu Manual de Identidade e o Regulamento de Réxime Interior.

e. A utilización por parte dos/as concesionarios/as ou empregados/as de pezas non adecuadas ou que non se atopen en perfecto estado de limpeza.

f. A colocación de envases, xénero, produtos ou calquera clase de obxecto fóra dos lugares autorizados.

g. O peche non autorizado dos postos dun a tres días, sen causa xustificada.

h. A non conservación do albarán ou factura xustificativa da compra de produtos e mercadorías que vendan nos postos.

i. O incumprimento do horario na apertura e peche do posto.

j. A atención dos postos por persoas distintas ás identificadas ante o Concello.

- k. Non ter a disposición do público follas de reclamación.
- l. Non abrir o posto en horario extraordinario malia ter presentada solicitude en tal sentido.
- m. A realización de actividades de limpeza antes do horario sinalado para o peche do mercado.

3.- Son infraccións graves:

- a. A reiteración de calquera falta leve, entendendo que existe reiteración de cometer nova falta leve dentro dos tres meses seguintes á adquisición de firmeza da anterior sanción.
- b. A negligencia na limpeza do mercado por parte do/a concesionario/a do servizo ou desatención notable da limpeza dos postos ou dos útiles que empreguen na súa actividade.
- c. O exercicio dunha actividade distinta da autorizada para o posto.
- d. Os altercados que produzan escándalo ou alteración do orde público dentro do mercado.
- e. O desacato ostensible das disposicións ou mandatos do persoal encargado do mercado ou doutros órganos ou autoridades municipais.
- f. Causar dolosa ou negligentemente, xa sexa mediante a execución de obras ou por calquera outra actuación, danos ao edificio, aos postos ou ás instalacións.
- g. A realización de obras ou instalacións nos postos sen autorización previa.
- h. O peche non autorizado dos postos de venda por máis de tres días e menos dun mes.
- i. A falta de pago en período voluntario de dúas cotas, non necesariamente consecutivas, das taxas polo uso dos postos, ou de dúas mensualidades, ou cantidade equivalente, do canon da concesión.
- j. O impedimento ou bloqueo de calquera acto de inspección.
- k. As ofensas de palabra ou obra ao persoal municipal do mercado ou a calquera usuario do mesmo.

4.- Considéranse infraccións moi graves:

- a. A reiteración de calquera falta grave no período dun ano, desde a firmeza da anterior sanción.
- b. A modificación da estrutura e instalacións dos postos ou a realización de obras nos mesmos sen autorización, cando de tales obras se derive algún perigo.

- c. A transmisión do dereito de uso do posto por parte do usuario incumprindo os requisitos previstos na presente Ordenanza.
- d. O consentimento por parte do/a concesionario/a da ocupación do posto, no caso de disolución de persoas xurídicas, sen a subscrición do correspondente contrato ou a formalización de contratos que inclúan cláusulas contrarias aos preceptos, obrigacións e dereitos establecidos nesta Ordenanza.
- e. A falta de pago en período voluntario de tres cotas, non necesariamente consecutivas, das taxas polo uso dos postos, ou de tres mensualidades, ou cantidade equivalente, do canon da concesión
- f. A atención do posto por persoal non contratado ou á marxe do sinalado na normativa vixente.
- g. O incumprimento moi grave das condicións hixiénico-sanitarias esixibles.
- h. O peche non autorizado dos postos por máis dun mes.
- i. A venda de xénero en malas condicións ou incumprindo as esixencias legais para a súa comercialización.

Artigo 40.- Sancións

1.- A competencia para sancionar corresponde á persoa titular da concellería competente en materia de mercados, salvo as moi graves que corresponderán á Xunta de Goberno Local.

2.- As sancións aplicables en relación ca clasificación das infraccións serán:

a. Para as faltas leves:

- Apercibimento
- Multa de ata 300 euros

b. Para as faltas graves:

- Multa de 301 a 900 euros
- Clausura temporal do posto ata un máximo de tres meses

c. Para as faltas moi graves:

- Multa de 901 a 2.000 euros
- Extinción da concesión

3.- Ademais das sancións anteriores, poderán impoñerse as medidas accesorias seguintes:

a. Comiso dos artigos ou produtos que motivan a infracción, cando haxa un risco real e previsible para a saúde pública.

b. Orde de reposición da situación alterada pola infracción ou, en caso de incumprimento, indemnización dos danos que a conduta infractora causase no mercado.

Artigo 41.- Gradación das sancións

A efectos de determinar a contía das sancións garantirase a adecuación entre a gravidade da acción ou omisión constitutiva da infracción e a sanción aplicada, considerando especialmente, de forma conxunta ou separada, os seguintes criterios:

- a. A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b. A natureza dos prexuízos causados.
- c. A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.
- d. O beneficio obtido pola comisión da infracción.
- e. A corrección posterior dos feitos, realizada antes de ditarse a resolución do procedemento.

TITULO VIII.- DA COMISIÓN SOCIAL COMO ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN

Artigo 42.- A Comisión Social dos Mercados Municipais

Crearase a Comisión Social dos Mercados Municipais como órgano de asesoramento e información ao Concello nesta área.

Artigo 43.- Composición

A Comisión Social dos Mercados Municipais estará formada polos/as presidentes/as das Asociacións dos Mercados Municipais, un representante municipal da Oficina Municipal ao Consumidor, dous representantes municipais da Área de Mercados, unha persoa designada por cada un dos grupos municipais con representación na Corporación e a persoa titular da concellería competente en materia de mercados, quen actuará como presidente da mesma.

Artigo 44.- Obxecto

A Comisión Social ten por obxecto:

- a. Estudar e propoñer as medidas convenientes para que os mercados cumpran a súa función de abastecemento ás persoas consumidoras da cidade, así como promover nos mercados o que conveña ao interese das persoas consumidoras.
- b. Estudar e propoñer as medidas convenientes para mellorar a prestación do servizo, a súa mellor administración e, en xeral, promover canto conveña ao interese xeral dos/das comerciantes asentados/as nos mercados.

- c. Contribuír coa súa información a garantir nos mercados a libre competencia, como un medio de procurar a economía nos prezos.
- d. Propoñer medidas para promocionar, publicitar e dinamizar os mercados.
- e. Ser oídos no procedemento de elaboración dos pregos tipo que se elaboren para o outorgamento de concesións.
- f. En xeral, promover canto conveña ao interese das persoas consumidoras e comerciantes dos mercados municipais.

Artigo 45.- Réxime de funcionamento

- 1.- A Comisión Social reunirse por convocatoria da súa presidencia.
- 2.- Ás reunións da Comisión Social poderán asistir, ademais dos seus membros, as persoas que expresamente convide quen presida a mesma.
- 3.- Das reunións da Comisión Social levantarase acta que se asinará polo presidente e demais membros asistentes ás mesmas.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- Mercados en réxime de xestión indirecta

Os mercados que á entrada en vigor desta Ordenanza estean xestionados en réxime de xestión indirecta regularanse polo establecido no documento concesional do que traian causa e polo disposto nesta Ordenanza no que resulte de aplicación.

Segunda.- Regularización dos postos e establecementos en réxime de precario e sen título

1.- Os títulos en precario outorgados conforme á anterior Ordenanza de Mercados deberán declararse extinguidos por resolución da persoa titular da Concellería competente en materia de mercados.

As ocupacións sen título de espazos de dominio público nos mercados municipais extinguiranse coa entrada en vigor desta Ordenanza, sen prexuízo da obriga legal da Administración de ditar unha resolución na que se faga constar esta circunstancia.

2.- Con anterioridade ás devanditas resolucións, outorgarase un prazo común para todos os titulares de títulos en precario e os ocupantes sen título a fin de que soliciten ao Concello o outorgamento dunha concesión para a utilización dun posto e/ou establecemento nun mercado municipal.

Na súa solicitude, deberanse constar os seguintes extremos:

- a. Nome e apelidos da persoa interesada, NIF e domicilio a efectos de notificacións.

b. Posto(s) ou establecemento(s) que ocupa, sinalando a data na que accedeu e aportando os documentos que podan acreditar o seu dereito ao uso, de existiren.

No caso de que o/a solicitante sexa titular de mais dun posto, xunto coa solicitude deberá indicar o posto ao que opta e o compromiso de renunciar aos demais.

c. Características da actividade realizada ata a data, indicando obxecto, persoas dedicadas á actividade de venda e outros datos que se consideren relevantes.

d. Declaración responsable de ter plena capacidade de obrar e non estar incurso nalguna das prohibicións de contratar establecidas nas normas aplicables á contratación no sector público.

e. Declaración responsable de reunir os requisitos esixidos na presente Ordenanza para ser concesionario/a e todos os que, segundo a normativa da actividade comercial ou de servizos, lles fosen de aplicación.

3.-. As concesións outorgaranse por un prazo máximo de trinta e cinco anos, do que se descontará o prazo de temporalidade ou ocupación sen título que teña disfrutado.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- A presente Ordenanza será de aplicación ás concesións que se outorguen a partir da súa entrada en vigor, sen prexuízo da aplicación ás anteriores no que non contradigan á Ordenanza de organización e funcionamento dos mercados municipais.

Segunda.- As segundas e sucesivas transmisións das concesións outorgadas conforme á normativa anterior rexeranse polo disposto nesta Ordenanza.

Terceira.- En tanto non se aproba unha nova ordenanza fiscal axustada ao previsto na presente Ordenanza, serán aplicables as taxas que se derivan da Ordenanza en vigor.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Facúltase á persoa titular da Concellería competente en materia de mercados para desenvolver as disposicións contidas nesta Ordenanza.

Segunda.- O non disposto nesta Ordenanza rexeráse polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola lexislación de patrimonio das Administracións Públicas.

Terceira.- Esta Ordenanza entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.